

SESIÓN 6 “CONVIVENCIA VIRTUAL” NARÓN

Boas xentiña,

Que tal levades o comezo da Fase 1 da desescalada? Agardo que ben e que desfrutedes dos paseos e dos primeiros encontros familiares con calma e responsabilidade.

Unha das cousas que estou pensando estes días é como vai ser a nosa nova convivencia cando pasemos estas estrañas fases, como imos a recuperar as relacións persoais e sociais, como imos a dar afectos sen apenas tocarnos, mantendo a distancia de seguridade coas persoas que queremos e botamos de menos...que complexo!, pero seguro que atoparemos novas maneiras de facelo; novos saúdos, expresar mais as nosas emocións coas palabras, comunicar moito mais coa mirada...etc. Se argallades algo interesante xa me ides contando 😊

Nestes días nos que estou vendo ás persoas con mascarillas (algo que non era moi común en nós) estoume fixando moito nos ollos da xente, así que esta semana vouvos propoñer un xogo que consiste en que tratades de adiviñar de quen son os seguintes ollos, e se xa queredes ir mais alá, podedes pensar que emoción expresa para vós esa mirada. Imos aló, ollade con calma e xa me contaredes a quen vedes en cada un dos seguintes casos (veña...se dubidades nalgunha podedes pedir axuda á familia). Son todas persoas que seguro que coñecedes e ao mellor ata víchedes en persoa a algunha delas: mirade, mirade!

1.



2.



3.




4.



5.



6.



Moito ánimo coa semana e agardo as vosas respostas para poder confirmarvos as solucións, que seguro que o facedes xenial! Ando por aquí: raquel.atalaiasocial@gmail.com (lembrade indicarme nome, curso e centro escolar), para o que queirades contarme, propoñer ou compartir; incluso a vosa mirada actual se queredes. ❤️

Aperta virtual!

Raquel